



asociación galega de profesionais
da traducción e da interpretación

**MEMORIA ANUAL DE ACTIVIDADES
2008**

MEMORIA ANUAL 2008

ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA TRADUCIÓN E DA INTERPRETACIÓN (AGPTI)

ÍNDICE

1	PRESENTACIÓN	2
2	ACTIVIDADES	3
2.1	ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA PROFESIÓN	3
2.1.1	VINCULACIÓN COA ASOCIACIÓN DE TRADUTORES GALEGOS (ATG)	3
2.1.2	VINCULACIÓN COA SOCIEDADE GALEGA DE TERMINOLOXÍA (SGaT)	3
2.1.3	VINCULACIÓN CO CILSGA	4
2.1.4	PARTICIPACIÓN NA ORGANIZACIÓN DO DÍA MUNDIAL DA TRADUCIÓN	4
2.1.5	ATENCIÓN DE CONSULTAS A TRAVÉS DO CORREO ELECTRÓNICO DA AGPTI	6
2.2	ACTIVIDADES DE APOIO ÁS/AOS ASOCIADAS/OS	7
2.2.1	CURSO DE DEREITO PARA PREPARAR O EXAME DE TRADUCIÓN/INTERPRETACIÓN XURADA	7
2.2.2	CURSO SOBRE INFORMÁTICA PRODUTIVA PARA PROFESIONAIS DA TRADUCIÓN	8
2.2.3	CURSO DE VOZ PARA INTÉRPRETES	9
2.2.4	MANTEMENTO E ACTUALIZACIÓN DA PÁXINA WEB	11
2.2.5	DISTRIBUCIÓN DE INFORMACIÓN A SOCIOS E SOCIAS	11
2.2.6	SOBRE O REXISTRO DE TRADUTORES E INTÉRPRETES XURADOS	11
2.3	ACTIVIDADES DE DOCUMENTACIÓN E INVESTIGACIÓN	12
2.3.1	CONSTITUCIÓN DE GRUPOS DE TRABALLO	12
2.4	ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA ASOCIACIÓN	14
2.4.1	PARTICIPACIÓN DA AGPTI NO II CONGRESO INTERNACIONAL «TRADUCIÓN E POLÍTICAS EDITORIAIS»	14
3	ADMINISTRACIÓN	15
3.1	INFORME DE ALTAS E BAIXAS	15
3.2	RENOVACIÓN DA XUNTA DIRECTIVA	15
4	CONCLUSIÓN	16
5	BALANCE ECONÓMICO	16

1 PRESENTACIÓN

A **ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA TRADUCIÓN E DA INTERPRETACIÓN (AGPTI)** nace en Galicia no ano 2001 para dar saída ás necesidades dun colectivo profesional cada vez máis importante na nosa comunidade autónoma. Desde a creación da Facultade de Tradución e Interpretación na Facultade de Vigo o mercado crecente da tradución e a interpretación conta cun importante número de traballadoras e traballadores preparados que veñen a sumarse a aqueles xa presentes anteriormente.

Ademais, a **ASOCIACIÓN GALEGA DE PROFESIONAIS DA TRADUCIÓN E DA INTERPRETACIÓN (AGPTI)** nace cun claro compromiso co idioma galego, que pretende fomentar en todo o mercado da tradución e interpretación en Galicia.

Os obxectivos da asociación son os seguintes:

- a) Contribuír á mellora das condicións laborais das/os tradutoras/es e intérpretes no mercado galego a través da relación con empresas, clientes e institucións implicadas na actividade profesional da tradución e da interpretación.
- b) Promocionar a lingua galega no mercado da tradución e da interpretación en todos os sectores económicos galegos.
- c) Proporcionar ás/ós profesionais da tradución e da interpretación posibilidades de formación continuada non formal.
- d) Crear un centro de recursos materiais e humanos para as/os profesionais da tradución e da interpretación.
- e) Proporcionar asesoramento legal, administrativo e de calquera outro tipo que as/os profesionais da tradución e da interpretación poidan precisar.

Durante o ano 2008 a AGPTI levou a cabo interesantes actividades para a promoción da profesión e a mellor capacitación das/os profesionais. Ademais, a AGPTI estendeu a súa base asociativa, o cal lle dá novas posibilidades de levar adiante os seus obxectivos.

No presente documento a AGPTI pretende presentar os resultados dos esforzos levados a cabo no ano 2008 en diferentes campos.

2 ACTIVIDADES

Durante o ano 2008, a Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación (AGPTI) continuou traballando nos campos en que centrara o seu labor o ano anterior e afondando no establecemento de vínculos con diferentes institucións e profesionais do sector.

2.1 ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA PROFESIÓN

2.1.1 VINCULACIÓN COA ASOCIACIÓN DE TRADUTORES GALEGOS (ATG)

Desde a súa creación, un dos principais obxectivos da AGPTI é sumar esforzos e compartir experiencias coa outra asociación de tradutoras/es que existe na comunidade galega: a ATG. Durante este pasado ano ambas as dúas asociacións reforzaron os seus contactos e colaboraron na organización de actividades comúns aos dous colectivos. A principal actividade froito desta colaboración foi a participación, xunto co Departamento de Tradución e Lingüística da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo e a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da Consellaría de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia, na organización dos actos do Día Mundial da Tradución, celebrados os días 29 e 30 de setembro de 2008 (ver apartado 2.1.4).

2.1.2 VINCULACIÓN COA SOCIEDADE GALEGA DE TERMINOLOXÍA (SGaT)

Desde a creación da devandita Sociedade, a mediados do ano 2005, a AGPTI vén mantendo contactos frecuentes coa súa xunta directiva co obxectivo de establecer lazos de actuación común e avanzar conxuntamente no desenvolvemento de ferramentas terminolóxicas de utilidade para as/os tradutoras/es e intérpretes que exercen a súa profesión no territorio galego. Tal e como avanzamos nas planificacións anuais de actividades para os anos 2005, 2006, 2007 e 2008, os principais obxectivos deste traballo conxunto entre ambas as dúas asociacións son os seguintes:

- a) Sumar esforzos nos campos de actuación coincidentes da SGaT e a AGPTI.

b) Compartir experiencias e recursos entre as dúas asociacións.

a) Facilitar o acceso das/os tradutoras/es e intérpretes profesionais a recursos e información sobre terminoloxía en lingua galega.

Os resultados esperados son, por unha banda, conseguir unha maior presenza de ambos os dous colectivos na sociedade e cultura galegas e, por outra, desenvolver unha terminoloxía científica en lingua galega máis estable e realizada con criterios de máxima fiabilidade.

Durante este ano, porén, non se organizaron actividades conxuntas concretas.

2.1.3 VINCULACIÓN CO CILSGA

Como froito da colaboración iniciada co Centro de Intérpretes de Lingua de Signos e Guías Intérpretes de Persoas Xordocegas de Galicia (CILSGA) a mediados do ano 2005, as conversas e intercambios de información entre o devandito centro e a AGPTI continuaron a se fortalecer durante o ano 2008. Durante este ano, porén, non se organizaron actividades conxuntas concretas.

2.1.4 PARTICIPACIÓN NA ORGANIZACIÓN DO DÍA MUNDIAL DA TRADUCCIÓN

A finais de xullo de 2008, a Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural da Xunta de Galicia convocou a AGPTI, xunto coa ATG e o Departamento de Tradución e Lingüística da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo, a unha reunión en Santiago de Compostela co fin de escoitar as propostas para a celebración do Día Internacional da Tradución. A esa reunión asistiu en representación da AGPTI Patricia Buján e nela estiveron presentes o propio director xeral (Luís Bará), Xosé María Gómez Clemente como representante da ATG, e Susana Cruces e Silvia Montero Küpper como representantes (en calidade de directora e secretaria, respectivamente) do Departamento de Tradución e Lingüística da Universidade de Vigo. Antes da reunión, as representantes da AGPTI, da ATG e do devandito departamento reuníronse para acordaren unha proposta conxunta. Esta proposta foi debatida e aprobada na posterior reunión co Director Xeral e incluía as seguintes actuacións:

- Asumir o lema da FIT (*Terminology: Words Matter / Terminologie : des mots qui parlent*) e adoptar como tradución dese lema ao galego «Terminoloxía: palabras que contan».
- Organizar unha xornada sobre terminoloxía e tradución en Vigo.
- Facer un acto de homenaxe a Valentín Arias.

En setembro houbo unha segunda reunión no despacho do Director Xeral de Creación e Difusión Cultural da Xunta de Galicia, en Santiago de Compostela. Nela estiveron presentes as mesmas persoas que xa asistiran á reunión de xullo (a excepción de Xosé María Gómez Clemente, que foi substituído por Alberto Álvarez Lugrís), ademais de dúas representantes da empresa Trisquelia. Nesta segunda reunión concretáronse as accións previamente acordadas e distribuíronse responsabilidades para a organización.

A raíz de todo isto, a AGPTI estivo encargada das seguintes accións:

-Elaboración de parte dos textos para o políptico editado e distribuído pola Xunta de Galicia en que se fala do Día Internacional da Tradución 2008.

-Organización da Xornada sobre terminoloxía e tradución (actividade de organización conxunta coa ATG e o Departamento de Tradución e Lingüística). Tivo lugar o 29 de setembro de 2008 no Salón de Actos de Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo. Reprodúcese a continuación o programa da xornada:

10.00-10.30 Conferencia «Terminoloxía en Galicia: tesouros novos e vellos»
Iolanda Galanes Santos, presidenta da Sociedade Galega de Terminoloxía (SGaT)

10.30-12.40 Presentación de proxectos

10.30-10.55 «Novo dicionario inglés-galego»

Alberto Álvarez Lugrís e Xavier Gómez Guinovart, Seminario de Lingüística Informática (SLI) da Universidade de Vigo

10.55-11.20 «A Neoteca: banco de datos de neoloxismos da Universidade de Vigo»

Xosé María Gómez Clemente (Observatorio de Neoloxía) e Xavier Gómez Guinovart (Seminario de Lingüística Informática, SLI)

11.20-11.30 Rolda de preguntas

11.30-11.45 Pausa

11.45-12.05 «*Un idioma preciso*: un exemplo de divulgación do traballo terminográfico»

Xusto A. Rodríguez Río, responsable da Área de Terminoloxía, Servizo de Normalización Lingüística, Universidade de Santiago de Compostela

12.05-12.30 «Proxectos de localización ao galego: o traballo terminolóxico na localización do Gnome»

Cristina Gomis Parada, socia da cooperativa Tagen Ata lingua e comunicación, Santiago de Compostela

12.30-12.40 Rolda de preguntas

12.40-13.00 Pausa

13.00-14.00 Mesa redonda «Terminoloxía e interpretación»

Modera: Lara Santos, presidenta da Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación (AGPTI)

Participan:

Luis Alonso Bacigalupe, profesor da Área de Interpretación na Universidade de Vigo

María Reimóndez Meilán, intérprete profesional

-Participación no acto de homenaxe a Valentín Arias. Ademais de contar coa presenza de numerosas socias da AGPTI entre o público asistente, a presidenta, Lara Santos, estivo entre as persoas que presidían o acto.

Fóra destes actos máis institucionais e organizados conxuntamente coa Universidade de Vigo e a ATG, a AGPTI tamén decidiu que sería interesante traducir ao galego o manifesto que a FIT redacta anualmente para explicar o lema escollido para conmemorar o Día Internacional da Tradución dese ano. No caso do ano 2008, a tradución do manifesto foi realizada por Sabela Cebro Barreiro, unha das socias da AGPTI.

Por último, cómpre salientar que o propio Día Internacional da Tradución o programa Diario Cultural da Radio Galega entrevistou a diversas persoas relacionadas co sector, entre elas a Patricia Buján Otero, como representante da AGPTI.

2.1.5 ATENCIÓN DE CONSULTAS A TRAVÉS DO CORREO ELECTRÓNICO DA AGPTI

Ao longo do ano recibíronse innumerables correos electrónicos na conta da Asociación, nos que se solicitaba información sobre distintos aspectos relacionados coa profesión, trámites burocráticos e aspectos fiscais que afectan a vida laboral de tradutores/intérpretes, datos sobre as actividades e obxectivos da AGPTI, etc. Todas estas consultas foron atendidas pola presidenta da Asociación, a encargada de xestionar o correo electrónico da AGPTI.

2.2 ACTIVIDADES DE APOIO ÁS/AOS ASOCIADAS/OS

2.2.1 CURSO DE DEREITO PARA PREPARAR O EXAME DE TRADUCCIÓN/INTERPRETACIÓN XURADA

Este curso estivo destinado ás persoas que desexaban presentarse ás probas de habilitación profesional para a tradución e interpretación xurada do galego para outras linguas e viceversa, e nel traballáronse os contidos fundamentais da proba de Dereito. Foi impartido por tres profesores: Xosé Ramón Mato Lodeiro, licenciado en Dereito pola Universidade da Coruña e na actualidade responsable do Departamento do Medio do Concello de Redondela; Marta González Alonso, licenciada en Dereito pola Universidade da Coruña e avogada en exercicio; e Beatriz Carballido Barciela, licenciada en Dereito pola Universidade da Coruña, xerente e responsable de recursos humanos na empresa privada. Tivo unha duración de 20 horas e impartíuse na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo. Detállanse deseguido os obxectivos e o desenvolvemento do curso.

Obxectivos:

Abordar as nocións básicas do Dereito conforme o programa establecido pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no Decreto 267/2002, do 13 de xuño, polo que se regula a habilitación profesional para a tradución e a interpretación xurada doutras linguas para o galego e viceversa.

Desenvolvemento do curso:

1ª sesión:

I. Institucións xurídicas básicas no Estado español

1. O ordenamento xurídico e a organización dos poderes do Estado

2. O xefe de Estado. A monarquía

3. Os órganos lexislativos e executivos do Estado

4. O Parlamento e o Goberno de Galicia

5. A organización territorial do Estado: Estado, comunidades autónomas e entidades locais

6. A organización da Administración pública

7. Principais institucións do Dereito propio da actividade da Administración

2º sesión:

II. Institucións xurídicas básicas no estado español

1. A organización xudicial. Estrutura

2. Principais institucións do dereito civil

3. Os documentos públicos e privados ou de lexislación galega

3ª sesión

III. Institucións xurídicas básicas no estado español

1. Principais institucións de dereito mercantil

2. Principais institucións de dereito laboral

IV. Lexislación sobre a lingua galega

4ª sesión

V. Institucións xurídicas básicas da comunidade internacional

VI. Institucións xurídicas básicas da Unión Europea

5ª sesión

Repaso dos temas que precisen resolución de dúbidas. Durante as catro sesións anteriores os relatores estarán atentos a aqueles aspectos que presenten maior dificultade para os alumnos. Esta sesión contará coa presenza de todos os relatores.

2.2.2 CURSO SOBRE INFORMÁTICA PRODUTIVA PARA PROFESIONAIS DA TRADUCCIÓN

Curso destinado a profesionais da tradución que buscou ofrecer consellos, instrucións e trucos útiles para axilizar o traballo de tradución e aforrar tempo aproveitando ao máximo os recursos que ofrece a Internet, Windows, Office e outras moitas ferramentas gratuítas e comerciais a disposición dos profesionais deste sector.

O curso foi impartido por Xosé Castro Roig, tradutor informático e audiovisual cunha dilatada experiencia docente (tanto con estudantes como con profesionais da tradución) na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo o 4 de xullo de 2008.

Programa:

I) PRIMEIRA PARTE: Organización e simplificación do traballo diario.

1. Xestionar e acelerar a produción diaria. Aspectos profesionais.

1.a Pódense recibir mil e pico mensaxes electrónicas diarias e non se volver tolo?: Si, claro. Uso idóneo da Internet e do correo electrónico.

1.b Ergonomía, defectos adquiridos, saúde laboral. Como seguir vivindo desta profesión pasados os corenta.

1.c A imaxe profesional do tradutor e a súa visibilidade. Consellos para a captación de clientes e a busca cualitativa de traballo. Como crear unha imaxe empresarial sólida cun orzamento nimio.

1.d O tradutor-xestor: consellos sobre organización e seguimento de proxectos, facturación e administración. Como conseguir tempo libre para buscar máis proxectos ou clientes.

2. Windows: que oculta e que ofrece realmente Windows. Ducias de consellos, adaptacións, aceleración das tarefas, melloras xerais, recursos, trucos e suxestións.

3. MS Word, quer aliado, quer mal amigo: como domealo e facer que, por fin, traballe para nós. «Cousas raras que fai o teu Word e nunca te atreviches a preguntar.» Ducias de trucos e consellos para o uso diario, e configuración completa para o traballo de tradución.

II) SEGUNDA PARTE: Internet intensivo, simplificación de tarefas e lista de programas indispensables (case todos gratuítos).

1. Internet Explorer en profundidade. Buscar e atopar axuda dentro e fóra do noso ordenador. Aproveitamento de glosarios e dicionarios electrónicos.

2. Fontes documentais, fontes orais, buscas complexas e vías alternativas imaxinativas de investigación. Filtro de información e opinión na web. Conversión da Internet nunha enciclopedia feita á nosa medida.

3. Ducias de programas e recursos web moi necesarios ou indispensables (gratuítos a maioría) para o traballo diario, clasificados por temas. Trucos e consellos sobre estes programas e os xa existentes.

3.a Tradución.

3.b Xestión e produción.

3.c Documentación.

4. Virus, vermes, contos, campañas, camelos, adware, spyware e outros perigos de seguridade. Firewalls, antivirus e parches de seguridade. Diagnose, detección e prevención.

5. Memorias de tradución. Vantaxes e consellos básicos sobre a súa adquisición e uso. «Non teño cartos para mercar un programa de memoria de tradución, que fago?»

6. Posta en común de dúbidas e resolución de consultas técnicas.

2.2.3 CURSO DE VOZ PARA INTÉRPRETES

O obxectivo deste curso, destinado principalmente a profesionais da interpretación de linguas orais, foi proporcionarlle a este colectivo profesional unha serie de nocións básicas sobre modulación e proxección de voz, técnicas de respiración, etc. que lle permitisen facer un uso máis razoable e controlado da súa voz, ferramenta indispensable para o exercicio da súa profesión. Tivo lugar na sala de ensaio Berrobambán de Santiago de Compostela os días 3, 4, 5,

10, 11 e 12 de setembro de 2008, en horario de 17:00 a 20:00 horas, e foi impartido por Nuria Montero, licenciada en Arte Dramático pola Real Escuela Superior de Arte Dramático de Madrid, e na actualidade profesora de técnica vocal da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia e na escola de teatro e danza Espazo Aberto de Santiago de Compostela.

A continuación inclúense os detalles do curso:

OBXECTIVOS

1. Achegarse á técnica vocal
2. Coñecer e distinguir os distintos tipos de respiracións
3. Coñecer as partes do corpo que inciden directamente na emisión da voz
3. Descubrir o corpo como un gran resoador
4. Diferenciar os moldes vocálicos
5. Distinguir entre proxección e berro
6. Facerse conscientes e corrixir malos hábitos vocais
7. Coñecer a importancia da boa relación pescozo-cabeza-columna
8. Adquirir hábitos de boa hixiene vocal

CONTIDOS

1. Respiración: localización e desenvolvemento (pectoral, intercostal e diafragmática)
2. Máscara facial
3. Resoadores: localización e aprendizaxe do seu uso
4. Diafragma: localización e adestramento
5. Proxección
6. Vocalización
7. Relación pescozo-cabeza-columna: busca das boas posturas corporais
8. Corrección de malos hábitos vocais: ton ascendido ou descendido, control do volume etc.
9. Pautas de hixiene vocal
10. Traballo sobre texto
11. Improvisacións sonoras
12. Expresividade vocal
13. Ritmo

METODOLOXÍA

Clases prácticas nas que se busca:

1. Participación activa do alumno
2. Escoita
3. Busca das propias limitacións e superación das mesmas
4. Sorprenderse a un mesmo
5. Diversión co traballo
6. Maior coñecemento do propio corpo e as súas posibilidades
7. Potenciación da creatividade

ESTRUTURA DAS SESIÓNS

1. Quecemento
2. Exercicios de máscara facial

3. Respiración: utilizaranse moitos exercicios activos, no chan e de pé
4. Bloque de exercicios: dicción, resoadores, apoio etc.
5. Xogos de creatividade vocal
6. Textos

2.2.4 MANTEMENTO E ACTUALIZACIÓN DA PÁXINA WEB

Co obxectivo de presentar a asociación e servir de punto de encontro onde atopar e discutir información e novas actualizadas sobre a profesión, a páxina web da asociación segue en continua actualización. Cada ano inclúense as/os novas/os socias/os no directorio correspondente, de xeito que calquera usuaria/o poida contactar directamente con aquelas/es que teñan a combinación lingüística ou especialización desexada. Tamén se van incluíndo novas ligazóns a páxinas e recursos de interese para as/os profesionais do sector, novas de actualidade, a documentación da asociación máis relevante, etc.

2.2.5 DISTRIBUCIÓN DE INFORMACIÓN A SOCIOS E SOCIAS

Desde finais do ano 2003 a asociación conta cunha lista de distribución de correo electrónico para as/os súas/seus socias/os, a través da cal se canalizan todas as noticias que chegan ao correo electrónico da asociación sobre eventos, axudas, ofertas de traballo, etc. Segundo informaron varias/os das/os nosas/os socias/os, esta forma de distribución de información semella ser útil e proveitosa para a maioría delas/es.

2.2.6 SOBRE O REXISTRO DE TRADUTORES E INTÉRPRETES XURADOS

Atendendo ás estipulacións da Lei galega para a igualdade de mulleres e homes (DOG do 3 de agosto de 2004), a AGPTI solicitou, perante a Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Secretaría Xeral de Igualdade, a modificación da denominación actual do Rexistro de Tradutores e Intérpretes Xurados de Galicia, de xeito que se lle atribúa un nome que siga uns criterios de linguaxe non-sexista e non incumpra, deste xeito, a lexislación vixente na nosa Comunidade Autónoma. A solicitude foi presentada o 15 de maio de 2008 e o 2 de xuño a Secretaría Xeral de Política Lingüística

comunicoulle por escrito á asociación que a devandita solicitude sería tida en conta e que en breve se comezaría cos trámites oportunos.

2.3 ACTIVIDADES DE DOCUMENTACIÓN E INVESTIGACIÓN

2.3.1 CONSTITUCIÓN DE GRUPOS DE TRABAJO

Durante o ano 2008 constituíronse tres grupos de traballo cuxa finalidade é a de investigar as condicións laborais, así como os contextos normativos e legais de diferentes ámbitos profesionais concretos. Estes tres grupos de traballo son: tradución literaria, tradución xurada e interpretación.

Grupo de traballo sobre tradución literaria.

Dado que cada vez son máis as persoas da AGPTI que se dedican ao eido da tradución editorial ou literaria e de que as condicións de traballo destas profesionais distan moito de seren as desexadas, decidiuse crear este grupo de traballo para contribuír desde a AGPTI á mellora da situación laboral desta/es profesionais. Neste sentido, a comisión está a traballar con dous obxectivos: elaborar un código de boas prácticas en relación co exercicio e as condicións de traballo da tradución editorial e literaria e tentar influír para que este repercuta na mellora das condicións laborais das profesionais deste ámbito.

Con tal fin, nunha primeira fase, o grupo de traballo púxose en contacto coa ATG e co Departamento de Tradución e Lingüística da Universidade de Vigo (en concreto coa profesora Ana Luna), que están a fornecer unha serie de datos (informes e enquisas sobre o estado da cuestión e relatos de casos de malas prácticas) cos que valorar a realidade da situación. Ademais deste labor de documentación sobre o caso galego, estamos a recadar información sobre lexislación, asociacionismo e estandarización de contratos a nivel europeo, eido complicado de seu e no que o CEATl ou ACEtt xa levan tempo traballando.

O grupo está constituído por Patricia Buján Otero, Lara Domínguez Araújo e Laura Sáez Fernández. Tamén colaborará nunha fase posterior María Reimóndez.

Grupo de traballo sobre interpretación.

Este grupo constituíuse co fin de protexer e mellorar as condicións laborais das/os profesionais da interpretación que integran a asociación. Estamos comezando a traballar para tentar recompilar datos sobre o estado das cabinas en que desenvolvemos o noso labor co obxectivo de comprobar se estas cumpren ou non os requisitos que deberían cumprir e, en caso negativo, denunciar os feitos ante as autoridades competentes. Como primeiro paso para isto, elaboramos un formulario cunha serie de preguntas que tentan recoller os aspectos máis importantes que se deberían dar nunha cabina de interpretación. O ideal sería que o formulario fose cuberto polo maior número de intérpretes posible e que obtivésemos así información sobre un número elevado de instalacións, tanto fixas como móbiles, de xeito que poidamos facer unha avaliación o máis detallada posible.

O grupo está constituído, polo momento, por Lara Santos e Ana Mirás.

Grupo de traballo sobre tradución xurada.

A recente convocatoria hai só uns anos dos exames de tradución e interpretación xurada de e para o galego pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia puxo de relevo un gran número de eivas na práctica profesional e unha ausencia absoluta de orientacións mínimas para o exercicio da profesión. Ante o inmovilismo e o aparente desinterese que parece amosar o órgano competente para fixar unha praxe cando menos básica, algúns membros da Asociación propoñen crear un grupo de investigación sobre tradución xurada cuxos obxectivos son basicamente:

-A partir dunha compilación de bibliografía, prácticas profesionais actuais e da historia da tradución e a interpretación xurada, analizar e reflexionar sobre as prácticas que maioritariamente se aplican neste eido tanto en Galicia como en España (partimos tamén das prácticas en España dado o recentísimo nomeamento de tradutores/as e intérpretes xurados/as que non ofrecen apenas base para o estudo) para elaborar finalmente unha guía práctica que recolla os puntos fundamentais desta profesión.

-Partindo das análises realizadas e do manual que se elabore, tentar unificar as prácticas profesionais da tradución e a interpretación xurada en Galicia.

-A longo prazo, e se houberse posibilidade, contrastar os resultados deste traballo cos doutras asociacións en España para tentar chegar a unha praxe común.

-A medio prazo, e segundo se vaia desenvolvendo o proxecto, tentar un achegamento coa Dirección Xeral de Política

Lingüística para buscar o seu apoio e darlle unha maior difusión á guía de boas prácticas. Tamén é desexable aproveitar este traballo para tratar o tema da convocatoria dos exames e das probas que se realizan, para adaptalas máis ás necesidades reais dos profesionais.

A primeira fase comeza pois coa redacción dun artigo sobre tradución xurada "Norma e investigación sobre a tradución xurada" por Ana Buján que sairá publicado proximamente no núm. 14 da revista Viceversa e no que se recolle a situación actual da profesión e as eivas que sofre.

Froito tamén das primeiras necesidades e dúbidas expresadas por algúns membros e profesionais alleos á asociación, o grupo elabora tamén as "Preguntas máis frecuentes sobre a tradución e interpretación xurada en galego" colgadas na páxina web da AGPTI.

Tendo en conta tamén o interese que podería ter a participación do Grupo de Tradución e Paratradución da Universidade de Vigo, xa que unha das súas liñas de investigación é a tradución xurada, o grupo de traballo reúnese nunha segunda fase cos seus coordinadores, José Yuste Frías e Anxo Fernández Ocampo, para ver de asinar un convenio específico entre a AGPTI e o seu grupo destinado a elaborar unha guía de boas prácticas da tradución e interpretación xurada.

Na actualidade, estase elaborando este convenio.

2.4 ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DA ASOCIACIÓN

2.4.1 PARTICIPACIÓN DA AGPTI NO II CONGRESO INTERNACIONAL «TRADUCCIÓN E POLÍTICAS EDITORIAIS»

A participación da AGPTI neste congreso organizado desde o Departamento de Tradución e Lingüística da Universidade de Vigo (comité organizador formado por Alicia López, Ana Luna, Silvia Montero e Liliana Valado) no apartado que o comité científico e organizador quixo dedicar ás asociacións de tradutores proporcionounos unha oportunidade inigualable de comunicación e colaboración coas principais asociacións deste tipo de España, tanto de carácter xeral (EIZIE, TRIAC e ATIC – de agora en diante APTIC- e ASETRAD), como especializadas no eido da tradución editorial e literaria (ACETT). Ao redor dunha mesma mesa de debate, compartíronse inxerencias e iniciativas que agardamos resulten nunha frutífera e estreita colaboración no futuro próximo. O congreso foi tamén unha

excelente oportunidade para que as distintas asociacións convidadas puidesen expor, en intervencións duns 15-20 minutos, as liñas principais de traballo de cada unha delas, os seus obxectivos, actividades e proxectos de futuro etc. Por parte da AGPTI interveu a presidenta, Lara Santos Suárez.

3 ADMINISTRACIÓN

3.1 INFORME DE ALTAS E BAIXAS

Na táboa que se amosa a continuación, detállanse as altas e baixas producidas no ano 2008:

ALTAS	BAIXAS
Ruth Sedofeito Sestayo	
Laura Blanco Domínguez	
Ana Buján Fra	
Paula Iglesias Corrales	
Judit Portela González	
Asli Santiago, s.c.	
Natalia Juanes Fariñas	
Raquel da Silva González	
Ramón Olivares Sanz	
Diana Sánchez Carceller	
Marcial Fernández da Silva	
Manuel Saavedra López	
Carolina Díaz García-Muñoz	
Xisela Vázquez López	
Miguel López Docampo	
Ana María Ulla Ferraz	
Patricia Sotelo Dios	

Nº de socias/os ao final de 2008: 72

3.2 RENOVACIÓN DA XUNTA DIRECTIVA

Na asemblea do día 30 de setembro de 2008, as/os socias/os asistentes aprobaron parte da renovación da xunta directiva. Mantéñense nos seus postos a presidenta (Lara Santos) e a secretaria (Saleta Fernández). Os demais postos quedan ocupados por:

Secretaria: Patricia Buján Otero

Primeira vogal: Ana Buján Fra

Segunda vogal: Lara Domínguez Araújo

4 CONCLUSIÓN

Sen dúbida este ano supón unha consolidación maior para a AGPTI, se ben son moitos os desafíos que aínda quedan pendentes. A maior implicación das/os socias/os é un paso crucial para, no novo ano, poder facer máis útiles as nosas intervencións. Sexa como for, o esforzo levado adiante segue poñendo chanzos no avance cara á consecución dos nosos obxectivos estatutarios.

5 BALANCE ECONÓMICO

BALANCE ECONÓMICO 2008		
CONTRIBUCIÓN INICIAL		3484,96
INGRESOS ANO 2008		
	ABOAMENTO RECIBOS SOCIOS/AS	2748
	ABOAMENTO CURSO DE DEREITO	1000
	ABOAMENTO CURSO DE INFORMÁTICA PRODUTIVA	2655
	ABOAMENTO CURSO DE VOZ	1095
	TOTAL INGRESOS	7498
GASTOS ANO 2008		
	COMISIONS MANTEMENTO CONTA E ADMINISTRACIÓN	14,25
	COMISIONS POR EMISIONS/DEVOLUCIONS RECIBOS	36,19
	CARGO ORDE PER. TRASPASO AEAT AUTOLIQUIDACIONES	560,19
	DEVOLUCIONS RECIBOS	204

	CARGO POR XESTORÍA (12 meses)	444,28
	GASTOS PAPELARÍA, CORREO POSTAL E DESPRAZAMENTOS DE MEMBROS DA AGPTI	1165,76
	GASTOS CURSO DEREITO	1500
	GASTOS CURSO INFORMÁTICA PRODUTIVA	909,50
	GASTOS CURSO VOZ (ALUGUER AULA: 216 €; PROFESOR: 972,48 €)	1188,48
	COMISIÓNS POR TRANSFERENCIAS	18
TOTAL GASTOS		6040,65
TOTAL BALANCE ECONÓMICO 2008		4942,31